As vendas contabilízanse sen incluír os impostos que gravan estas operacións. Soamente os descontos incluídos en factura que non obedezan a pronto pago, considéranse como menor importe da venda.

A imputación dos ingresos e gastos faise en función da corrente real de bens e servizos que estes representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles, contabilizándose os beneficios á data de realización e os riscos previsibles e perdas tan pronto como son coñecidos.

4.9. Subvención, doazóns e legados

As subvencións de capital non reintegrables valóranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e impútase ao resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados polas ditas subvencións, salvo que se trate de activos non depreciables nese caso imputaranse ao resultado do exercicio en que se produza o alleamento ou baixa no inventario destes.

4.10. Debedores

Os saldos a cobrar de clientes e outros debedores clasifícanse, no seu caso, de dubidoso cobro en base á antigüidade da débeda, ou se estima que existe recuperación problemática ou reducida posibilidade de cobro en función da solvencia do debedor. Os saldos dos debedores son a curto prazo e valorados polo seu nominal.

Os deterioros de debedores constitúense en función do expresado no parágrafo anterior. No presente exercicio 2008 non foi preciso dotar dito deterioro.

4.11.Indemnizacións por despedimento

De acordo coa lexislación laboral vixente, a Sociedade está obrigada ao pago de indemnizacións a aqueles empregados que sexan despedidos sen causa xustificada. Os Administradores da Sociedade estiman que non se producirán situacións anormais de despedimento de persoal no futuro e, en consecuencia, os estados financeiros que se achegan non inclúen provisión ningunha por este concepto.

5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE, E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

Os movementos das partidas do inmobilizado intanxible no exercicio 2008 foron os seguintes:

INMOBILIZADO INTANXIBLE	EUROS				
		MOVEMENTOS			
	Saldo ao 1.1.2008	Altas	Baixas	Traspasos	Saldo ao 31.12.2008
Propiedade Industrial (Marcas)	2.470,00	0,00	0,00	0,00	2.470,00
Total bruto	**2.470,00**	**0,00**	**0,00**	**0,00**	**2.470,00**
Amortización acumulada	(439,86)	(439,86)	0,00	0,00	(879,72)
Total Amortización Acumulada	**(439,86)**	**(439,86)**	**0,00**	**0,00**	**(879,72)**
Total Neto	**2.030,14**	**(439,86)**	**0,00**	**0,00**	**1.590,28**

Os movementos das partidas do inmobilizado material no exercicio 2008 foron os seguintes:

INMOBILIZADO MATERIAL	EUROS				
		MOVEMENTOS			
	Saldo ó 1.1.2008	Altas	Baixas	Traspaso	Saldo ó 31.12.2008
Investimentos en Terreos e Bens Naturais (1)	87.208,94	510.741,59	0,00	0,00	597.950,53
construcións (2)	0,00	5.300.411,26	0,00	0,00	5.300.411,26
Maquinaria (3)	0,00	7.717,00	0,00	0,00	7.717,00
Mobiliario (4)	0,00	622.073,32	0,00	0,00	622.073,32
Equipos Proceso Información (5)	373,26	2.345,32	0,00	0,00	2.718,58
Outro inmobilizado material (6)	0,00	32.962,93	0,00	0,00	32.962,93
Construcións en curso (7)	0,00	6.479.657,26	0,00	0,00	6.479.657,26
Total bruto	**87.582,20**	**12.955.908,68**	**0,00**	**0,00**	**13.043.490,88**
Amortización acumulada (8)	(20,71)	(370,95)	0,00	0,00	(391,66)
Total Amortización Acumulada	**(20,71)**	**(370,95)**	**0,00**	**0,00**	**(391,66)**
Total Neto	**87.561,49**	**12.955.537,73**	**0,00**	**0,00**	**13.043.099,22**

(1) Comprende os terreos de Vimianzo (A Coruña), Monforte de Lemos (Lugo) e Viveiro (Lugo).
(2) Comprende a adquisición da construción do Centro de Atención Xerontolóxico de Monforte de Lemos (Lugo).
(3) Comprende a maquinaria adquirida á Fundación da 3ª Idade de Chantada (Lugo).
(4) Comprende mobiliario dos Centro de Atención Xerontolóxico de Chantada e Monforte de Lemos (lugo).
(5) Comprende equipos da Central (Parque Tecnolóxico de Galicia-San Cibrao das Viñas (Ourense) e de Chantada (Lugo).
(6) Comprende inmobilizado material de Chantada (Lugo).
(7) Comprende os importes das certificacións das execucións das obras dos edificios dos Centro de Atención Xerontolóxico de Vimianzo (A Coruña), Viveiro (Lugo) e o pago das taxas de solicitude de licenza de obra de Ourense.
(8) Comprende amortizacións de mobiliario, equipos procesos información e outro inmobilizado material de Ourense e Chantada (Lugo).

A sociedade non presenta no seu balance ningún importe encadrable na rúbrica de INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS.

6. ACTIVOS FINANCEIROS

A información dos instrumentos financeiros do activo do balance da Sociedade a longo prazo, clasificados por categorías é:

		Instrumentos financeiros a longo prazo							
		Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		Outros		TOTAL	
		2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007
CATEGORÍAS	Activos financeiros mantidos para negociar	-	-	-	-	-	-	-	-
	Activos financeiros a coste amortizado	-	-	-	-	15.199,22	-	15.199,32	-
	Activos financeiros a coste	-	-	-	-	-	-	-	-
	TOTAL	-	-	-	-	15.199,22	-	15.199,32	-

Os instrumentos financeiros a longo prazo están constituídos por unha fianza para responder da xestión do Centro de Atención Xerontolóxica de Chantada (Lugo). Encóntrase valorada inicialmente a valor nominal polo importe pagado, que non difire significativamente do seu valor razoable.

A información dos instrumentos financeiros do activo do balance da Sociedade a curto prazo, sen considerar o efectivo e outros activos equivalentes, clasificados por categorías, é a que se mostra a continuación:

		Instrumentos financeiros a curto prazo							
		Instrumentos de patrimonio		Valores representativos de débeda		Outros		TOTAL	
		2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007
CATEGORÍAS	Activos financeiros mantidos para negociar	-	-	-	-	-	-	-	-
	Activos financeiros a coste amortizado	-	-	-	-	3.432.979,03	4.905.863,50	3.432.979,03	4.905.863,50
	Activos financeiros a coste	-	-	-	-	-	-	-	-
	TOTAL	-	-	-	-	3.432.979,03	4.905.863,50	3.432.979,03	4.905.863,50

Os instrumentos financeiros a curto prazo están constituídos por unha fianza depositada en Fenosa para a acometida da luz dun Centro de Atención Xerontolóxica, valorada inicialmente a valor nominal polo importe pagado, que non difire significativamente do seu valor razoable. A partida máis importante está formada por uns depósitos financeiros constituídos nas entidades financeiras Caixanova e Caixagalicia, con vencemento a curto prazo e valoradas a custe polo seu nominal: (2.400.000 euros en Caixanova e 1.000.000 euros en Caixagalicia). Tamén se reflicten a 31 de decembro de 2008 o importe dos intereses devengados e pendentes de vencemento a curto prazo, por tales depósitos e que suman un importe de 32.660,18 euros (conta 5470). Dito importe ten como contrapartida unha conta de ingresos financeiros onde se suman a o resto de ingresos financeiros cobrados durante o exercicio, e que acadaron un total en 2008 de 201.148,61 euros. Os activos

financeiros, valorados inicialmente polo seu valor nominal, continuaranse valorando por dito importe, ao ser activos con vencemento non superior o ano.

7. PASIVOS FINANCEIROS

7.1. Os instrumentos financeiros do pasivo do balance da sociedade a longo prazo, clasificados por categorías son:

		CLASES							
		Débedas con entidades de crédito		Obligacións e outros valores negociables		Derivados e outros		TOTAL	
		2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007
CATEGORÍAS	Débitos e partidas a pagar								
	Pasivos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias								
	Outros							0,00	0,00
	TOTAL							**0,00**	**0,00**

A entidade non presenta pasivos financeiros a longo prazo.

7.2. A información dos instrumentos financeiros do pasivo do balance da Sociedade a curto prazo, clasificados por categorías ao 31 de decembro de 2008, é:

		CLASES							
		Débedas con entidades de		Obrigacións e outros valores		Derivados e outros		TOTAL	
		2008	2007	2008	2007	2008	2007	2008	2007
CATEGORÍAS	Débitos e partidas a pagar					516.239,90	26.970,16	516.239,90	26.970,16
	Pasivos a valor razoable con cambios en perdas e ganancias, do cal:								
	Outros					15.006.272,63		15.006.272,63	
	TOTAL					**15.522.512,53**	**26.970,16**	**15.522.512,53**	**26.970,16**

A partida de débitos e partidas a pagar inclúe como partidas máis relevantes:

* 99.070,82 euros acredores por prestacións de servizos.
*251.075,46 euros de acredores facturas pendentes de recibir.
* Facenda Pública acredora por impostos por importes que suman 65.051,90 euros.
* Seguridade social acredora por importe de 84.195 euros.

Na partida de Outros inclúense como partidas máis relevantes:

* 5.400.000 euros, en concepto de importe da ampliación de capital emitida e suscrita pendente de rexistrar.
* 5.677.020,79 euros, en concepto de efectos a pagar a curto prazo, basicamente da compra do Centro de Atención Xerontolóxica de Monforte de Lemos, e outros de pagarés de pagos de execucións de obras nos Centro de Atención Xerontolóxica da sociedade (Vimianzo, Viveiro) e a solicitude de licenza de construción para o Centro de Atención Xerontolóxica de Ourense.
* 3.930.672,60 euros en pagos pendentes a provedores de inmobilizado, tamén con motivo das execucións de obras dos Centro de Atención Xerontolóxica da sociedade (Vimianzo, Viveiro).

Ao 31/12/2008 a sociedade non ten débedas con entidades de crédito.

8. FONDOS PROPIOS

Os movementos habidos na conta de "Fondos Propios" durante o exercicio foron os seguintes:

	Capital subscrito	Outras reservas	Resultado negativos de exercicios anteriores	Resultado do exercicio	Total
Saldo inicial	5.100.000,00	0,00	-5.611,86	-18.056,94	5.076.331,20
Distribución 2007			-18.056,94	18.056,94	0,00
Axustes 1ª aplicación NPGC2007		-29.978,23			-29.978,23
Resultado do exercicio				-264.506,22	-264.506,22
Saldo final 31/12/2008	**5.100.000,00**	**-29.978,23**	**-23.668,80**	**-264.506,22**	**4.781.846,75**

8.1 Capital social

Ao 31 de decembro de 2008 o capital social é de 10.500.000 euros, representado en 21.000 accións nominativas de 500 euros de valor nominal cada unha, con iguais dereitos e características todas elas, numeradas correlativamente do 1 ao 21.000 ambos inclusive. O capital encóntrase integramente subscrito e desembolsado.

Ao 31 de decembro de 2008 a distribución do accionaríao era a seguinte:

Institución	Número de accións	Euros Nominal	Porcentaxe participación
Xunta de Galicia	9.450	4.725.000	45 %
Fondo Social Caixa Galicia, Fondo Capital Riesgo	5.775	2.887.500	27,5 %
Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra	5.775	2.887.500	27,5 %
	21.000	10.400.000	100 %

Na Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 27 de xuño de 2008 aprobouse unha ampliación de capital coas seguintes características:

- accións emitidas: 10.800
- valor nominal: 500 €/acción
- desembolso: 100% no momento da subscrición

Nos prazos establecidos, subscribíronse a totalidade das accións emitidas.

Á data de peche do exercicio 2008 non se atopaba rexistrado no Rexistro Mercantil a ampliación de capital polo que o importe total das subscricións está incluída no pasivo corrente do balance dentro do epígrafe "outras débedas a curto prazo"

polo importe de 5.400.000 euros. Á data de formulación destas contas a ampliación de capital xa foi elevada a público o 28 de xaneiro do 2009, e se encontra pendente de rexistro no Rexistro Mercantil de Ourense.

A información a 31/12/2008 que reflicte o Balance correspondente ao Capital Social, refírese polo tanto á situación anterior á ampliación de capital, por un importe total de 5.100.000 euros, representado en 10.200 accións nominativas de 500 euros de valor nominal cada unha, con iguais dereitos e características todas elas, numeradas correlativamente do 1 ao 10.200 ambos inclusive. O capital encóntrase integramente subscrito e desembolsado.

8.2. Reserva legal e voluntaria

De acordo co réxime xurídico das sociedades anónimas, un 10% dos beneficios do exercicio debe destinarse á constitución da reserva legal ata que esta alcance o 20% do capital social. O único destino desta reserva legal é a compensación de perdas ou a ampliación de capital pola parte que exceda do 10% do capital xa aumentado. Ate o 31 de decembro do 2008 non se ten cuberta dita reserva, es espera de beneficios futuros que permitan a súa dotación.

Como consecuencia da 1ª aplicación do novo plan contable NPGC2007, e obrigado dar de baixa aqueles elementos que non cumpren ca definición de activo, segundo o marco conceptual, no noso caso a 1 de xaneiro do 2008 procédese a dar de baixa os Gastos de Constitución arrastrados do 2007, por importe de 27.720,97 euros, e tamén os Gastos de Primeiro Establecemento arrastrados do 2007, por importe de 12.250,00 euros. A contrapartida destes gastos para proceder a súa baixa e unha conta de reservas voluntarias (conta 1130), cargando en dita conta os importes anteriores e facendo que dita conta arroxe un saldo deudor por importe de 39.970,97 euros. Asemade, débese ter en conta o efecto impositivo de ditos axustes, o que supón unha corrección do 25 %, 9.992,74 euros con anotación no haber da conta de reservas voluntarias (conta 1130), e contrapartida un conta de créditos fiscais por perdas a compensar (conta 4745). O efecto neto de ditos axustes de primeira aplicación ascende a 29.978,13 euros, que reflicten o saldo debedor da conta 1130 de reservas voluntarias. Dito saldo terá que ser recuperado con resultados positivos futuros.

8.3. Autocartera

Ao 31 de decembro do 2008 a sociedade non ten accións propias no seu poder.

9. SITUACIÓN FISCAL

A conciliación do resultado contable e a base impoñible do imposto é como segue:

	Euros
Resultado contable do exercicio 2008	**-264.506,22 €**
Imposto sobre Sociedades diferido (saldo da conta 6301)	-1.517,87 €
Diferenzas permanentes (axustes 1ª aplicación npgc2007-gastos constitución e primeiro establecemento) (conta 113 reservas voluntarias) (1)	-39.970,97 €
Diferenzas permanentes (terreo gratuito Concello de Viveiro) (2)	+260.000,00 €
Diferenzas temporarias	0,00 €
Base Impoñibles Negativas Exercicios Anteriores	0,00 €
Base impoñible negativa 2008(resultado fiscal)	**-45.995,06 €**
Crédito fiscal por perdas a compensar do exercicio 2008: (45.995,06 euros X 25 % = 11,498,76 euros) Conta 4745	**11.498,76 €**

Nota explicativa:

Como consecuencia da anotación na conta 4745 a 1 de xaneiro do 2008 do efecto impositivo motivado pola 1ª aplicación do novo plan contable, por importe de 9.992,74 euros, a 31 de decembro do 2008 só procede facer a anotación na conta 4745 da diferenza, ou sexa, 1.506,02 euros.

Deducións xeradas e pendentes de aplicación no Exercicio 2008 (Gastos Formación Persoal 2008) (395 euros X 3 % = 11,85 euros) Conta 4742	11,85 €
Pagos e retencións Imposto sobre Sociedades do Exercicio 2008 (Cta. 4730)	33.183,36 €
Cota a cobrar ou pagar Imposto Sociedades 2008 (Facenda Pública Debedora por Imposto Sociedades Cta. 4709)	33.183,36 €

A partida de Imposto sobre Sociedades Diferido da Conta de Perdas e Ganancias ascendeu a 1.517,87 €, como resultado de adicionar o crédito fiscal por perdas a compensar do exercicio 2008 (1.506,02 euros) e o dereito por deducións pendentes de aplicar (11,85 euros).

(1) Como consecuencia da 1ª aplicación do novo plan xeneral de contabilidade 2007, na súa versión de pemes, prodúcense uns axustes a inicio de exercicio 2008 ao ter que dar de baixa do balance as partidas de gastos de constitución e gastos de primeiro establecemento por importe de 39.970,97 euros, por non cumprir cá definición de activo segundo o marco conceptual do plan contable. Ditos axustes supoñen unha anotación no debe da conta de reservas voluntarias, e fiscalmente teñen a consideración de gastos seducibles. O efecto fiscal xa foi calculado a 1 de xaneiro do 2008, facendo unha anotación na conta 4745 crédito fiscal por perdas a compensar de 9.992,74 euros.

(2) Diferenza permanente positiva consecuencia da incorporación ao balance do terreo cedido gratuitamente polo Concello de Viveiro, para a construción dun Centro de Atención Xerontolóxica e de atención a dependentes, segundo acordo plenario do 27 de marzo de 2008 en 1ª instancia e ratificado definitivamente o 8 de maio do 2008. Encóntrase pendente de protocolizar en escritura pública dita cesión. A valoración do terreo a valor razoable ascende a 260.000 euros, segundo

certificación pericial de experto independente. Rexistrase directamente a contas de Balance (Conta 2100 Terreos e bens naturais no Debe, e a contrapartida no Haber é a Conta 131 Doazóns e Legados de Capital) sen ter reflexo na Conta de Perdas e Ganancias; posto que ó tratarse dun terreo non é amortizable e a imputación a resultados só se fará no caso da súa enaxenación.

A sociedade non rexistra diferenzas de tipo temporario nin no exercicio 2008, nin nos anteriores.

A sociedade recolle, a 31 de decembro do 2008, no seu balance dentro do ACTIVO NON CORRENTE, no apartado de VI. Activos por imposto diferido o importe de 11.510,62 euros. Dito importe, corresponde ao Crédito fiscal por perdas a compensar (conta 4745) xerado no presente exercicio 2008 pola cantidade de 11.498,77 euros (9.992,74 euros pola 1ª aplicación do novo plan contable, e 1.506,03 euros xerados polas operacións do exercicio 2008), dispondo de 15 anos para a súa compensación, e tamén se recolle o dereito a dedución por gastos de formación na conta 4742 pola cantidade de 11,85 euros, dispondo de 10 anos para a súa dedución. Ditos activos son xerados no 2008 a non arrastran importes do ano anterior.

Respecto ao IVE, presentouse a solicitudes de devolución para o exercicio 2008 por importe de 1.919.289,96 euros, como consecuencia das elevadas cotas de ive soportado na adquisición do centro de Atención Xerontolóxico de Monforte de Lemos e nas execucións de obras e construcións dos de Vimianzo e Viveiro. Dita devolución encóntrase pendente a data de formulación das presentes contas anuais.

A Sociedade ten abertas a inspección as declaracións fiscais dos últimos tres exercicios. As declaracións non poden considerarse definitivas ben ata que transcorra o prazo de prescrición de catro anos ou ben ata a súa inspección e aceptación polas autoridades fiscais, polo que, tendo en conta as diferentes interpretacións da lexislación, poderían existir continxencias fiscais susceptibles de reverter en pasivos. Non obstante, os Administradores da Sociedade consideran que tales pasivos non terían un efecto significativo sobre as contas anuais no seu conxunto.

10. INGRESOS E GASTOS

A desagregación das cargas sociais incluídas na partida 6 da conta de Perdas e Ganancias está formada da seguinte forma:

- Seguros Sociais do persoal da Sociedade por importe de 148.793,34 euros.
- Outros Gastos Sociais por importe de 395,00 euros

Non existen obrigacións contraídas en materia de pensións nin compromisos similares.

A desagregación da partida 7. "Outros gastos de explotación" é como segue:

	Euros
Alugueres	9.504,02
Reparacións e conservación	18.912,43
Servizos de profesionais independentes	89.483,02
Transportes	1.386,28
Primas de seguros	11.173,50
Servizos bancarios e similares	1.025,48
Publicidade, propaganda e relacións públicas	2.087,63
Subministracións	50.455,86
Outros servizos	199.254,03
Outros tributos	0,00
Axustes positivos en imposición indirecta	809,94
Perdas deterioro créditos comerciais	0,00
Outras perdas de xestión corrente	44,45
Total	**384.136,64**

Os axustes á imposición indirecta corresponden as correccións no IVE soportado deducible por aplicación da regra de dedución do 50 % nas cotas de ive de vehículos.

O epígrafe "Importe neto da cifra de negocios" corresponde principalmente aos ingresos por servizos e subministracións aos clientes usuarios dos Centro de Atención Xerontolóxica de Bande (Ourense), dende agosto 2008, e Chantada (Lugo), dende outubro 2008.

A partida de "Outros resultados" que acadou un importe de 7.081,85 euros fai referencia, basicamente, os importes corrixidos nas nóminas do persoal do Centro de Atención Xerontolóxica de Bande (Ourense) por diversos conceptos de tipo laboral.

11. SUBVENCIÓNS, DOAZÓNS E LEGADOS

A análise do movemento do contido da subagrupación correspondente do balance, indicando o saldo inicial e final así como os aumentos e diminucións desagréganse no seguinte cadro:

Subvencións, doazóns e legados recollidos no balance, outorgados por terceiros distintos aos socios	2008
SALDO AO INICIO DO EXERCICIO	78.346,05
(+) Recibidas no exercicio	260.000,00
(+) Conversión de débedas a longo prazo en subvencións	-
(-) Subvencións traspasadas a resultados do exercicio	
(-) Importes devoltos	-
(+/-) Outros movementos	-
SALDO AO FINAL DO EXERCICIO	338.346,05

Este epígrafe componse da seguinte partida:

Doazóns e Legados de Capital (Conta 131):

Recolle o valor razoable do terreo cedido gratuitamente polo Concello de Vimianzo, para a construción dun Centro de Atención Xerontolóxica para maiores, e protocolizado na escritura outorgada polo Notario do Ilustre Colexio Notarial de Galicia Don Javier-Manuel Elbo Ferrant, con data 31 de decembro do 2007, no concello de Vimianzo (A Coruña), baixo o seu protocolo número 2.572. Dita cesión gratuíta debe recollerse en contabilidade polo seu valor venal, que no noso caso e segundo taxación de técnico competente na materia estima en **78.346,05 euros** (10 % do valor da escritura pública), en función da data de cesión, condicións urbanísticas da parcela e condicións de uso da mesma, e vai directamente a contas de Balance (Conta 210 Terreos e bens naturais no Debe, e a contrapartida no Haber é a Conta 131 Doazóns e Legados de Capital) sen ter reflexo na Conta de Perdas e Ganancias; posto que ó tratarse dun terreo non é amortizable e a imputación a resultados só se fará no caso da súa enaxenación.

Ademais no presente exercicio 2008 recíbese outro terreo cedido gratuitamente polo Concello de Viveiro, para a construción dun Centro de Atención Xerontolóxica para maiores, segundo o acordo plenario do Concello de Viveiro de 27 de marzo de 2008 en 1ª instancia, e acordo definitivo de 8 de maio do 2008; cuio valor razoable ascende a **260.000 euros**, segundo peritación de experto independente. Aínda que a cesión se encontra pendente de protocolización notarial en escritura pública, o control económico do mesmo xa tivo lugar; e figura dado de alta na partida de Terreos do balance da sociedade.

12. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

Polas características da actividade desenrolada pola sociedade de coidado de persoas maiores en Centro de Atención Xerontolóxica, e sendo competencia da Vicepresidencia da Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia a regulación do sector, tanto no centro de Bande (Ourense) como no de Chantada (Lugo) existen prazas públicas de residentes concertadas, ou sexa, o custe da praza residencial é asumido parcialmente pola administración autonómica, que no noso caso tamén forma parte do accionariao da sociedade, sendo parte vinculada a mesma. A incidencia desta vinculación durante o exercicio 2008, reflíctese nun importe da facturación que ascendeu a 235.347,92 euros (sen ive). Dito prezo de facturación é o valor razoable da operación, xa que se atopa estipulado nos correspondentes contratos asinados coa Vicepresidencia da igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia..

Os membros do Consello de Administración non perciben retribución algunha. Non se concederon cretos a favor dos membros do Consello de Administración. Tampouco se formalizaron ao seu favor compromisos en materia de pensións, seguros de vida e outros compromisos.

Polo que respecta a presenza dos membros do Consello de Administración de Sogaserso noutras sociedades co mesmo xénero de actividade, Dona María Victoria Vázquez Sacristán e Don Juan Manuel Gutiérrez Ois, forman parte do consello de administración de GERIATROS (CIF.- A36780245), e D. javier Carral e Don Manuel Aguilar figuran como administradores mancomunidades das sociedades RESGAL FERROLTERRA, S.L. (CIF. B-15.789.704) e RESGAL VIGO, S.L. (CIF. B-15.829.500).

En canto ao persoal directivo dos servizos centrais da sociedade (Director-Xeral, Director Técnico e Director de Xestión de Persoal) o importe satisfeito no ano 2008 en concepto de soldos e salarios ascendeu a 74.851,63 euros, existindo a 31 de decembro un anticipo por importe 2.090,24 euros. En concepto de dietas o persoal directivo non recibiu importe algún, posto que os gastos de viaxe son satisfeitos directamente pola sociedade. Para rematar, non se formalizaron compromisos en materia de pensións, seguros de vida e outros compromisos en favor do persoal directivo.

13. OUTRA INFORMACIÓN

13.1. Cadro de Persoal

A distribución por sexos ao peche do exercicio do persoal da sociedade, desagregado nun número suficiente de categorías e niveis é o seguinte:

	Total mulleres	Total homes	Total
	2008	2008	2008
Titulados Superiores	3	5	8
Titulados Medios	12	1	13
Administrativos	0	2	2
Resto de Persoal	86	10	96
Total persoal ao termo do exercicio	**101**	**18**	**119**

Do total do persoal anterior tiñan contrato fixo 101 persoas (85 mulleres e 16 homes) e temporal 18 persoas (16 mulleres e 2 homes). Todo o persoal corresponde a servicios centrais no Parque Tecnolóxico de Galicia en San Cibrao das Viñas (Ourense) (5 persoas), o Centro de Atención Xerontolóxica de Chantada (83 persoas) e o Centro de Atención Xerontolóxica de Bande (31 persoas).

A media anual de traballadores do 2008 foi de 36,24 traballadores, sendo 30,41 traballadores con contrato fixo e 5,83 con contrato temporal.

13.2.Debedores

A desagregación deste epígrafe é o seguinte:

	Euros
Clientes	211.720,76
Anticipos de remuneracións	2.090,24
Organismos públicos debedores (IVE e IMPOSTO SOCIEDADES 2008)	1.952.473,32
	2.166.284,32

Do saldo de Clientes, recollidos polo seu valor nominal, e cuio importe espérase cobrar no corto prazo, non se estimou pertinente practicar ningún deterioro do saldo dos clientes, pertencendo o mesmo, básicamente, o mes de decembro do 2008, o cal cóbrase no seguinte mes.

O saldo de "Organismos públicos debedores" corresponde principalmente á Facenda Pública debedor por IVE 2008 (1.919.289,96 euros) e debedores por Imposto sobre Sociedades 2008 (33.183,36 euros).

13.3. Tesourería

Ao 31 de decembro do 2008, o seu detalle é como segue:

	Euros
Bancos, contas correntes	1.972.042,55
	1.972.042,55

Todos os saldos son de libre disposición.

13.4. Remuneracións aos auditores

Incluídos na conta de perdas e ganancias que se achega, recóllense os honorarios relativos á auditoría de contas da Sociedade por importe de 3.500 euros.

13.5. Pensións e Primas de Seguros de vida

A Sociedade non ten adquirida obriga ningunha en materia de pensións nin de pagos de primas de seguros de vida respecto aos membros do Consello de Administración, nin se concederon anticipos de crédito de ningún tipo aos ditos membros.

A Sociedade non ten accións propias, en consecuencia, non se realizou operación ningunha con elas.

Nin o Presidente, nin os Conselleiros, perciben axudas de custo pola asistencia aos Consellos de Administración.

14. ASPECTOS DERIVADOS DA TRANSICIÓN ÁS NOVAS NORMAS CONTABLES

Tal e como se establece na Disposición transitoria tercera do Real decreto 1515/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pequenas e Medianas Empresas e os criterios contables específicos para microempresas, a continuación reflíctese o balance e conta de perdas e ganancias incluídos nas contas anuais do exercicio anterior.


BALANCE DE SITUACIÓN DO EXERCICIO ANTERIOR:

ACTIVO	2007
INMOBILIZADO	**129.562,60**
I.Gastos de establecemneto	39.970,97
II. Inmobilizacións inmateriais	2.030,14
III. Inmobilizacións materiais	87.561,49
IV. Inmobilizacións financeiras	0,00
V. Accións propias	0,00
GASTOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EXERCICIOS	**0,00**
ACTIVO CIRCULANTE	**5.052.084,81**
I. Accionistas desembolsos esixidos	0,00
II. E xistencias	0,00
III. Debedores	35.606,47
IV. Investimentos Financeiros Temporais	4.905.863,50
V. Accións propias a curto prazo	0,00
VI. Tesourería	110.614,84
VII. Axustes por periodificación	0,00
TOTAL ACTIVO	5.181.647,71

PASIVO	2007
FONDOS PROPIOS	**5.076.331,20**
I. Capital subscrito	5.100.000,00
II. Prima de emisión	0,00
III. Reservas de Revalorización	0,00
IV. Reservas	0,00
V. Resultados de exercicios anteriores	-5.611,86
VI. Perdas e ganancias	-18.056,94
VII. Dividendo a conta entregado exercicio	0,00
INGRESOS A DISTRIBUÍR EN VARIOS EXERCICIOS	**78.346,05**
PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS	**0,00**
ACREDORES A LONGO PRAZO	**0,00**
ACREDORES A CURTO PRAZO	**26.970,16**
TOTAL PASIVO	5.181.647,41

CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DO EXERCICIO ANTERIOR (DEBE):

DEBE	2007
GASTOS	
1. Consumos de explotación	0,00
2. Gastos de persoal	77.042,69
Soldos, salarios e asimilados	57.945,20
Cargas sociais	19.097,49
3. Dotación para amortizacións inmobilizado	40.431,54
4. Variación das provisións de tráfico	0,00
Variación de provisións de tráfico e perdas de créditos incobrables	0,00
5. Outros gastos de explotación	85.872,31
	1.764,542
I. BENEFICIOS DE EXPLOTACIÓN	0,00
6. Gastos financeiros e gastos asimilados	0,00
Por outras débedas	0,00
7. Variación provisións investimentos financeiros	0,00
8. Diferenzas negativas de cambio	0,00
II. RESULTADOS FINANCEIROS POSITIVOS	205.146,91
III. BENEFICIOS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS	1.854,26
9. Variación das provisións de inmobilizado inmaterial, material e carteira de control	0,00
10. Perdas procedentes de inmobilizado inmaterial, material e carteira de control	0,00
11. Pérdas operacións c/accións e obrigas propias	0,00
12. Gastos extraordinarios	0,00
13. Gastos e perdas de outros exercicios	0,00
IV. RESULTADOS EXTRAORDINARIOS POSITIVOS	0,00
V. BENEFICIOS ANTES DE IMPOSTOS	1.854,26
15. Imposto sobre Sociedades	-19.911,20
VI. RESULTADOS DO EXERCICIO (BENEFICIOS)	0,00



Conciliación do Patrimonio Neto

Patrimonio Neto 01/01/2008 segundo PGC(90)	**5.076.331,20**
(-) Baixa conta 200 (PGC 90) Gastos Constitución, contra reservas voluntarias (1130), neta impostos.	-20.790,73
(-) Baixa conta 201 (PGC 90) Gastos Primeiro Establecemento, contra reservas voluntarias (1130), neta	-9.187,50
Patrimonio Neto 1/1/2008 NPGC2007	**5.046.352,97**

Explicación dos axustes no balance de apertura ao 1 de xaneiro de 2008:

Como consecuencia da 1ª aplicación do novo plan contable NPGC2007, e obrigado dar de baixa aqueles elementos que non cumpren ca definición de activo, segundo o marco conceptual, no noso caso a 1 de xaneiro do 2008 procédese a dar de baixa os Gastos de Constitución arrastrados do 2007, por importe de 27.720,97 euros, e tamén os Gastos de Primeiro Establecemento arrastrados do 2007, por importe de 12.250,00 euros. A contrapartida destes gastos para proceder a súa baixa e unha conta de reservas voluntarias (conta 1130), cargando en dita conta os importes anteriores e facendo que dita conta arroxe un saldo deudor por importe de 39.970,97 euros. Asemade, débese ter en conta o efecto impositivo de ditos axustes, o que supón unha corrección do 25 %, 9.992,74 euros con anotación no haber da conta de reservas voluntarias (conta 1130), e contrapartida un conta de créditos fiscais por perdas a compensar (conta 4745). O efecto neto de ditos axustes de primeira aplicación ascende a 29.978,13 euros, que reflicten o saldo debedor da conta 1130 de reservas voluntarias.

Tamén procédese a facer os trocos das denominacións e numeracións de contas tendo en conta o modelo do novo plan contable de pemes. Ditos trocos non supoñen alteracións da conta de perdas e ganancias ou do balance.

Lugar e data de formulación das contas anuais:

San Cibrao das Viñas, 30 de marzo de 2009.

D. Anxo Manuel Quintana González
Presidente

D. Antonio Xavier Ferreira Fernández
Secretario

Dona María Jesús Lago Vilaboa
Conselleira

D. José Bieito Seara Formoso
Conselleiro

Dona Inmaculada Viña Carregal
Conselleira

Sociedade Resgal Vigo, S.L.
(representada por D. Javier Carral Martínez)
Conselleira

Sociedade Resgal Ferrolterra, s.l.
(representada por D. Manuel Aguilar López)
Conselleira

Dona María Victoria Vázquez Sacristán
Conselleira

D. Juan Manuel Gutiérrez Ois
Conselleiro

SOLICITUD DE PRESENTACIÓN

PR

EN EL REGISTRO MERCANTIL DE OURENSE

DEPÓSITO DE CUENTAS ANUALES

IDENTIFICACIÓN DE LA ENTIDAD QUE PRESENTA LAS CUENTAS A DEPÓSITO

Denominación de la Entidad: SOGASERSO, S.A. NIF: A32359747

Datos Registrales:

Tomo:_____ Folio: _____ Nº Hoja Registral: _____ Fecha de cierre ejercicio social: 31122008 (dd.mm.aaaa)

IDENTIFICACIÓN DE LOS DOCUMENTOS CONTABLES CUYO DEPÓSITO SE SOLICITA

CUENTAS ANUALES DEL EJERCICIO: 2008

Balance	Pérdidas y Ganancias	Memoria	Estado cambios Patrimonio Neto	Estado de Flujos de Efectivo
Normal ☐	Normal ☐	Normal ☐	Normal ☐	Normal ☐
Abreviado ☐	Abreviado ☐	Abreviada ☐	Abreviado ☐	
PYME ☒	PYME ☒	PYME ☒	PYME ☒	

Hoja identificativa de la sociedad	☒	**Declaración Medioambiental**	☒	**Informe de Gestión**	☐	**Informe de Auditoría**	☒	**Modelo de Autocartera**	☒
Anuncios de convocatoria	☒	**Certificado SICAV**	☐	**Certificación Acuerdo**	☒	**Otros Documentos**	☐	Nº	

IDENTIFICACIÓN DEL PRESENTANTE QUE HACE LA SOLICITUD

Nombre y Apellidos: _____ DNI: _____

Domicilio: _____ Código Postal _____

Ciudad: _____ Provincia _____

Teléfono: _____ Fax: _____ Correo electrónico: _____

El solicitante consiente que la notificación del depósito de las cuentas o la calificación negativa, en su caso, se le hagan electrónicamente a la dirección de correo señalada conforme a lo dispuesto en el artículo 28 de la Ley 11/2007, de 22 de Junio.

Firma del presentante:

Código 2D